CIG
Confederación Intersindical Galega
ENSINO
iNFORMA
www.cig-ensino.com
Maio 2009
D.L. C-325-85 Edita CIG-Ensino. R. Miguel Ferro Caaveiro, 10, Santiago. 15703. Tiraxe 12.000

# A CIG-ENSINO RECLAMA NA MESA SECTORIAL QUE A MATERIA DE XEOLOXÍA VOLVA A SER OFERTADA COMO OPTATIVA DE BACHARELATO

Na Mesa Sectorial de onte, 4 de maio de 2009, a CIG-Ensino, secundada polas outras organizacións sindicais, reclamou que os centros poidan volver ofertar Xeoloxía como optativa de Bacharelato.

A CIG-Ensino demandoulle á Consellaría a necesidade de modificar a orde que fixa as optativas no bacharelato para que os centros educativos poidan volver a ofertar para o vindeiro curso como optativa a materia de xeoloxía. Por agora, non activamos ningunha resposta.

Esta é unha reivindicación que a CIG vén reclamando desde que a Consellaría de Educación publicou o 27 de xuño de 2008, sen previa negociación, unha orde que establecía a relación e currículo de materias optativas de Bacharelato a ofertar polos centros educativos. Mediante esta orde, a Consellaría suprimiu a Literatura Galega do S. XX, Literaturas Hispánicas, Literatura Universal e Contemporánea e Xeoloxía como materias optativas do Bacharelato, que até ese momento se viñan ofertando.

Desde este momento, a CIG-Ensino, diante deste atropelo, no mes de xullo de 2008, leva a cabo unha serie de accións co obxecto de que estas materias puideran ser ofertadas como optativas, entre elas, a recollida de máis de mil sinaturas, entrevista cos grupos parlamentares, etc. (Páxina web da CIG-Ensino,). A Consellaría rectificou parcialmente coa publicación dunha nova orde en setembro, pero volve a deixar fóra a materia de Xeoloxía.

Na nosa loita por acadar a optatividade de Xeoloxía, sumámonos á iniciativa da coordinadora "Xeoloxiaviva" do profesorado desta materia. E así vimos a formular de novo o tema na Mesa Sectorial.

A CIG-Ensino continuará na demanda desta xusta reivindicación até que se restabeleza a posibilidade de que a materia de xeoloxía se oferte nos centros.


## Os nosos locais

**Santiago (Local Nacional)**
Rua Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
Nacional: galiza@cig-ensino.com
Santiago: santiago@cig-ensino.com

**A Coruña**
Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.com

**Baixo Miño**
Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.com

**Morrazo**
Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

**Ferrol**
Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.com

**Lugo**
Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
lugo@cig-ensino.com

**Ourense**
P. de San Lázaro 12, 4ºD
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

**Pontevedra**
R. Pasanteria 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

**A Mariña**
27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

**Val de Monterrei**
R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

**Vigo**
R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

**Salnés**
R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcia
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com